



XUNTA DE GOBERNO

**SESION ORDINARIA DE VINTE E CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE
(ACTA NÚMERO 47)**

Presidente:

D. José Ramón Gómez Besteiro

Sres. Deputados:

D^a. Lara Méndez López

D. Juan José Díaz Valiño

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Miguel Angel Sotuela Vega

D. Manuel Martínez Núñez

D^a. Regina Polín Rodríguez

D. Mario Outeiro Iglesias

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e trinta minutos do día **vinte e cinco de novembro de dous mil once**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Ramón Gómez Besteiro, reuníronse os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Vicepresidente D. Antonio Veiga Outeiro.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZAOITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaeito de novembro de dous mil once, que foi distribuída entre os mesmos; e ó non presentarse enmenda algunha, é aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO, PARA FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA CREACIÓN DUN CENTRO E VIVEIRO DE EMPRESAS DE NOVAS TECNOLOXÍAS.

Vista a proposta da Presidencia, que di o seguinte:

“Visto o expediente relativo ao convenio regulador da subvención excepcional a favor da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da Provincia de Lugo, para o financiamento dos gastos da creación dun centro e viveiro de empresas de novas tecnoloxías.



Por todo elo e vistos os informes dos Servizos desta Entidade, a Xunta de Goberno, por unanimidade acorda:

1º.- Conceder á Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da provincia de Lugo unha subvención por importe de 183.000,00 €, dos que 17.000,00 € corresponden á anualidade 2011, e adquirir o compromiso de incluír nos orzamentos do ano 2012 os 166.000,00 € restantes, co pagamento anticipado do 90% sobre o importe de cada anualidade, é dicir, 15.300,00 €, con dispensa de garantía na anualidade 2011, e o pagamento anticipado de 149.400,00 € con dispensa de garantía na anualidade 2012.

2º.- Aprobar o convenio regulador da subvención excepcional a subscribir entre esta Excm. Deputación Provincial e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da provincia de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da creación dun centro e viveiro de empresas orientado ás novas tecnoloxías, que se vai desenvolver en dous anualidades”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO RELATIVO AOS PROGRAMAS DE ACTUACIÓNS NAS RESERVAS DA BIOSFERA DE TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES, MONTES DE NAVIA, CERVANTES E BECEREREA, E PETICIÓN DE AXUDA AO MINISTERIO DE MEDIO RURAL Y MARINO.

Vista a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Ambiente e Enerxías Renovables, que di o seguinte:

“O 4 de outubro do 2011 a Secretaría de Estado de Medio Rural e Auga, do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino emite unha resolución pola que se determinan as directrices e prioridades para o establecemento de convenios de colaboración do departamento cos entes xestores de Reservas de Biosfera no ano 2012.

Baixo este marco de actuación a Deputación de Lugo diseña un programa de actuacións para as Reservas da Biosfera de Terras do Miño e dos Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá executables a partir do ano 2012.

A Excm. Deputación Provincial de Lugo, na súa política de reforzar a estratexia de desenvolvemento local e urbano utilizando a sociedade da información como vehículo de transmisión, propón este proxecto con obxectivo de firmar un Convenio de Colaboración co Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (MARM) para o apoio á xestión e o desenvolvemento sostible nas Reservas de Biosfera de Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá.

As principais liñas de actuación que se desenvolverán neste proxecto son as seguintes:

- Inventario de espazos ameazados e de accións de protección para os mesmos: integrando á poboación (xente e empresas) na súa realización.
- Inventario de rutas de interese ligadas ao establecemento de packs- turísticos "plans de fin de semana": investigadores- historiadores e axentes turísticos.
- Campañas de información e divulgación para divulgar os servizos das Reservas da Biosfera, orientadas ás empresas das reservas para que participen no deseño dos "Plans de fin de semana": Organización de xornadas, material divulgativo, organización de grupos de traballo "brain storming".



- Fixar a sinalización das zonas recreativas, culturais, paisaxísticas, nas Reservas da Biosfera, seguindo as directrices do manual de sinalética da Rede de Reservas da Biosfera Españolas
- Dotación de recursos necesarios para a implantación de centros de atención e recepción de visitantes. Puntos de información.
- Facilitar a accesibilidade aos lugares de maior interese.
- Desenvolver web site das Reservas da Biosfera onde se agrupará toda a información vinculada coa promoción económica, social e ambiental e desenrolarase unha guía virtual
- Campañas de promoción nas explotacións agrícolas e gandeiras promulgando unha actividade responsable co medio ambiente. Desenvolver e promulgar o programa "Fin de semana na Granxa"
- Viabilidade a futuro das Reservas da Biosfera: Convocatorias para realizar inventarios de acción de conservación e de promoción seleccionando aquelas máis convenientes, aunando os tres pilares: ambientais, económicos e sociais. Seleccionaranse os proxectos máis interesantes para levar a cabo.

En base a todo iso, e vistos os informes dos servizos desta Entidade propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º- Aprobar o proxecto relativo aos programas de actuacións nas Reservas da Biosfera de Terras do Miño e dos Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá cun orzamento total de 2.400.000 €, dos cales o 2/3 (1.600.000,00 €) financiarase con cargo ó Ministerio de Medio Ambiente, Rural y Marino, adquirindo polo tanto a Deputación un compromiso de cofinanciación do 1/3 restante (800.000 €).

2º.- Solicitar a axuda para este proxecto, concorrendo á convocatoria realizada polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino. O orzamento financiable e o importe correspondente a Fondos Propios desglósase no seguinte cadro:

	Orzamento total	2012	2013
Orzamento total	2.400.000,00 €	480.000,00 €	1.920.000,00 €
Orzamento cofinanciado polo Ministerio de Medio Ambiente Rural y Marino	1.600.000,00 €	320.000,00 €	1.280.000,00 €
Orzamento cofinanciado pola Diputación de Lugo	800.000,00 €	160.000,00 €	640.000,00 €

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

4.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DA AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Vista a proposta da Sra. Vicepresidenta Segunda, que di o seguinte:

“Tendo en conta a Orde de 29 de xullo de 2011 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se convocan para o exercicio 2011 as subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local.

Tendo en conta a Orde á que se refire o epígrafe anterior publicada no Diario Oficial de Galicia número 157 do pasado mes de agosto.

Tendo en conta que, de conformidade co artigo 1º da mesma, as devanditas axudas están destinadas á contratación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local, no ámbito de colaboración da Consellería de Traballo e Benestar coas entidades locais, a través dos programas de cooperación, como instrumento para promover a configuración



dunha rede especializada na implantación das políticas activas de emprego e a xeración de emprego no contorno local.

Tendo en conta o artigo 18.1 que establece que as entidades beneficiarias poderanlle solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a prórroga da subvención concedida por cada axente de emprego e desenvolvemento local contratado ao abeiro da Orde de 7 de setembro de 2010.

Tendo en conta que existe unha axente de emprego e desenvolvemento local contratada ao abeiro da Orde de 7 de setembro de 2010 que presta os seus servizos actualmente nesta entidade dende o 2 de decembro de 2006.

Tendo en conta así mesmo que, no artigo 5º da aludida Orde, establece que, as entidades locais que pretendan beneficiarse das subvencións, deberán formalizar as correspondentes solicitudes, nos modelos de solicitude e acompañadas da documentación sinalada naquela.

Tendo en conta que con data 19 de setembro se procede á tramitación, ante a Consellería de Traballo e Benestar, da solicitude de prórroga da subvención para a axente de emprego e desenvolvemento local contratada establecida por esta na citada Orde”.

Vista a Resolución do Xefe Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de 16 de novembro de 2011 pola que se concede a esta Deputación unha subvención nunha contía equivalente ao 83,95% do importe da subvención solicitada e que ascende a un total de 22.705,12€, para a prórroga da contratación da axente de emprego e desenvolvemento local por un período dun ano.

Tendo en conta que a subvención solicitada foi de 27.046,00 €, esta Vicepresidencia formula á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1º.- A aceptación da subvención acordada pola Consellería de Traballo e Benestar polo importe total de vinte e dous mil setecentos cinco con doce euros (22.705,12€), para a prórroga da contratación da axente de emprego e desenvolvemento local por un período dun ano.

2º.- Prorrogar a contratación da axente de emprego e desenvolvemento local con efectividade dende o 2 de decembro de 2011 e cunha duración de contrato de doce meses.

3º.- Aprobar o compromiso de aportación pola cantidade non subvencionada para complementar o custo salarial total da contratación.

4º.- Remitir dentro do prazo sinalado para o efecto pola citada Resolución, da documentación xustificativa ao obxecto da efectividade da subvención”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA DO PLAN DE COOPERACIÓN CON ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL, ANUALIDADE 2011. PERTENCENTE AO LUGAR DE ALAXE, CONCELLO DE ABADÍN.

Vista a proposta do Sr. Deputado Delegado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, que di o seguinte:



“Presentada a conta por D. Aniceto Seijo Díaz, presidente da agrupación veciñal, e incluída dentro do "Plan de Cooperación" a que se refire o epígrafe, e examinada esta, así como informes regulamentarios emitidos respecto diso polos Servizos desta Excm. Deputación Provincial, o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta coa documentación xustificativa de obra do "Plan de Cooperación con Entidades Asociativas, Agrupacións e Asociacións de Veciños", aprobada na Xunta de Goberno de 15 de abril de 2011 que seguidamente se indica e que o importe da subvención correspondente se libre a favor deste.

TITULO DA OBRA	IMPORTE CONTA	SUBVENCION
Adecuación da rede de abastecemento de agua. Lugar: A Laxe. Parroquia: Corvite. Concello: ABADIN.	9400,00	7050,00

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA DO PLAN DE COOPERACIÓN CON ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL, ANUALIDADE 2011. PERTENCENTE AO LUGAR DE EIREXE, CONCELLO DE CASTROVERDE.

Vista a proposta do Sr. Deputado Delegado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, que di o seguinte:

“Presentada a conta pola entidade "Comunidade Montes Veciñais Man Común San Miguel de Páramo", e incluída dentro do "Plan de Cooperación" a que se refire o epígrafe, e examinada esta, así como informes regulamentarios emitidos respecto diso polos Servizos desta Excma. Deputación Provincial, o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta coa documentación xustificativa de obra do "Plan de Cooperación con Entidades Asociativas, Agrupacións e Asociacións de Veciños", aprobada na Xunta de Goberno de 15 de abril de 2011 que seguidamente se indica e que o importe da subvención correspondente se libre a favor desta.

TITULO DA OBRA	IMPORTE CONTA	SUBVENCION
Restauración da igrexa parroquial (2ª fase). Lugar: Eirexe. Parroquia: San Miguel do Páramo. Concello: CASTROVERDE.	17159,95	8000,00

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA DO PLAN DE COOPERACIÓN CON ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, DOTACIÓN, AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL, ANUALIDADE 2010. PERTENCENTE AO LUGAR E CONCELLO DE FOZ.

Vista a proposta do Sr. Deputado Delegado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, que di o seguinte:



“Presentada a conta pola entidade "Asociación Gastronómica O Portal", e incluída dentro do "Plan de Cooperación" a que se refire o epígrafe, e examinada esta, así como informes regulamentarios emitidos respecto diso polos Servizos desta Excma. Deputación Provincial, o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta coa documentación xustificativa de obra do "Plan de Cooperación con Entidades Asociativas, Agrupacións e Asociacións de Veciños", aprobada na Xunta de Goberno de 23 de xullo de 2010 que seguidamente se indica e que o importe da subvención correspondente se libre a favor desta.

TITULO DA OBRA	IMPORTE CONTA	SUBVENCION
Saneamento do barrio de Folgosa e Chao. Luar e Parroquia de Foz. Concello: FOZ.	14679,80	10314,24

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA DO PLAN DE COOPERACIÓN CON ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL, ANUALIDADE 2011. PERTENCENTE AO LUGAR DA FANEGA, CONCELLO DE MONDOÑEDO.

Vista a proposta do Sr. Deputado Delegado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, que di o seguinte:

“Presentada a conta por D^a. M^a Isabel Cabanas Bermudez, presidente da agrupación veciñal, e incluída dentro do "Plan de Cooperación" a que se refire o epígrafe, e

examinada esta, así como informes regulamentarios emitidos respecto diso polos Servizos desta Excma. Deputación Provincial, o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta coa documentación xustificativa de obra do "Plan de Cooperación con Entidades Asociativas, Agrupacións e Asociacións de Veciños", aprobada na Xunta de Goberno de 15 de abril de 2011 que seguidamente se indica e que o importe da subvención correspondente se libre a favor desta.

TITULO DA OBRA	IMPORTE CONTA	SUBVENCION
Acondicionamento dun tramo do camiño da Fábega. Lugar e Parroquia. A Fabega. Concello: MONDOÑEDO.	11143,06	8300,00

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA DO PLAN DE COOPERACIÓN CON ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL, ANUALIDADE 2011. PERTENCENTE AO LUGAR DE FRUQUEXEIRA, CONCELLO DE MURAS.

Vista a proposta do Sr. Deputado Delegado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, que di o seguinte:

“Presentada a conta por D. José Trastoy Reigosa, presidente da agrupación veciñal, e incluída dentro do "Plan de Cooperación" a que se refire o epígrafe, e examinada esta, así como informes regulamentarios emitidos respecto diso polos Servizos desta Excma.



Deputación Provincial, o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta coa documentación xustificativa de obra do "Plan de Cooperación con Entidades Asociativas, Agrupacións e Asociacións de Veciños", aprobada na Xunta de Goberno de 15 de abril de 2011 que seguidamente se indica e que o importe da subvención correspondente se libre a favor deste.

TITULO DA OBRA	IMPORTE CONTA	SUBVENCION
Pista camiño da Funquexeira-A Balsa. Lugar e Parroquia: Funquexeira. Concello: MURAS.	11973,78	8965,33

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

10.- PETICIÓN FORMULADA POLA AGRUPACIÓN DE VECIÑOS DE “O PICO”, DO CONCELLO DE MURAS, PARA SUBSTITUCIÓN DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “REBAIXA BADÉN CAMIÑO RURAL EN O PICO-VIVEIRO”, DENTRO DO PROGRAMA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIONS E ASOCIACIONS DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL, ANO 2010.

Vista a proposta do Sr. Deputado Delegado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, que di o seguinte:

“Tendo en conta que polo Pleno desta Deputación Provincial, en sesión celebrada con data 23 de febreiro de 2010, adoptouse acordo de “aprobación das Bases para a concesión de subvencións a entidades asociativas, agrupacións, e asociacións de veciños,

para a realización de obras e establecemento, ampliación e mellora de servizos de interese veciñal (anualidade 2010), así como o gasto correspondente por importe de 2.300.000,00 euros.

Tendo en conta que pola Xunta de Goberno, con data 23 de xullo de 2010, acordouse conceder as subvencións aos beneficiarios para a realización de obras e establecemento, dotación, ampliación e mellora de servizos de interese veciñal (ano 2010), a proposta da Comisión de Valoración.

Tendo en conta que entre os beneficiarios, figuraba don Daniel Carballido Chan, para a execución das obras de “rebaixa baden camiño rural en O Pico-Viveiro”, con un orzamento de 7033,74 euros e subvención de 5275,30 euros.

Tendo en conta que o citado beneficiario faleceu, e pola agrupación de veciños de O Pico solicítase a súa substitución por dona María Isabel Carballido Rodríguez.

Tendo en conta o exposto, así como os informes emitidos ao respecto polos correspondentes servizos, o Deputado Delegado de Cooperación e Asistencia aos Concellos que subscribe, propón a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Acceder a solicitude presentada pola agrupación de veciños de O Pico, do Concello de Muras, e aceptar a substitución do beneficiario da subvención, don Daniel Carballido Chan, pola de dona María Isabel Carballido Rodríguez, como perceptora da mesma, outorgada pola Xunta de Goberno, con data 23 de xullo de 2010, para a execución das obras de “rebaixa baden camiño rural en O Pico – Viveiro, por importe de 5275,30 euros”.



A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Ó CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA FINANCIAMENTO DOS GASTOS NECESARIOS PARA A ACTUALIZACIÓN CONTABLE CON CONTRATACIÓN LABORAL OU ADMINISTRATIVA NO CONCELLO DE MONDOÑEDO.

Vista a proposta da Presidencia, que di o seguinte:

“Visto o expediente relativo ao convenio regulador da subvención excepcional a favor do Concello de Mondoñedo, para o financiamento dos gastos necesarios para a actualización contable con contratación laboral ou administrativa no Concello de Mondoñedo.

Por todo elo e vistos os informes dos Servizos desta Entidade, a Xunta de Goberno, por unanimidade acorda:

1º.- Conceder ao concello de Mondoñedo unha subvención por importe de 31.000,00 €, co pagamento anticipado do 100% sobre o importe total subvencionado, con dispensa de garantía.

2º.- Aprobar o convenio regulador da subvención excepcional a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o concello de Mondoñedo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos necesarios para a actualización contable con contratación laboral ou administrativa no concello de Mondoñedo.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A FUNDACIÓN BALOGAL.

Vista a proposta do Sr. Deputado Delegado da Area de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade, que di o seguinte:

“Visto o escrito presentado por D. Daniel Cordido Fernández, xerente do Plan “Todos A Xogar” da Fundación Balogal, o día 21 do pasado mes de outubro, con número de entrada 33.702, solicitando a ampliación do prazo de execución ata ó 31 de maio do 2012 e de xustificación ata ó 31 de agosto do 2012, do convenio de colaboración suscrito entre esta Excma. Deputación Provincial e Fundación Balogal.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Cultura e Deporte, de data 27 de outubro do 2011, no que se indica que por parte da informante non se encontra impedimento para acceder ao solicitado, e que se proceda mediante a addenda correspondente a modificación do recollido nas cláusulas cuarta e undécima do convenio regulador; así como informe de intervención.

Por todo elo, o Sr. Deputado Delegado que subscribe, formula a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, a seguinte proposta:

Que a tenor do anteriormente exposto, se modifique mediante a addenda correspondente as cláusulas cuarta e undécima do convenio regulador da subvención



excepcional outorgada pola Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, con data 15 de xullo do 2011, quedando recollidas da seguinte maneira:

“Cuarta.- Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios, se realicen no ano 2011, e se estendan ademais ata o 31 de maio do 2012.

Undécima.- A presentación da documentación xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

O prazo para a presentación da documentación xustificativa, comezará unha vez finalizada a actividade subvencionada, finalizará o 31 de agosto do 2012. Transcorrido este prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da documentación xustificativa neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobramento da subvención o reintegro da cantidade aboada como anticipo a conta e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE BURELA.

Vista a proposta do Sr. Deputado Delegado de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

“Visto o informe da Xefa do Servizo de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico, da data 16 do corrente mes de novembro, no que se indica a existencia de xustificación suficiente para proceder a modificación da cláusula oitava punto 2, mediante addenda do convenio regulador da subvención concedida pola Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial de Lugo, con data 27 de decembro do ano 2010, a favor do concello de Burela, por importe de *vinte mil euros (20.000,00 €)*, cuxa finalidade é financiar os gastos de “*MELLORAS NA CASA DA XUVENTUDE*”. Cuxo convenio foi asinado con data 28 de decembro do 2010; así como informe de Intervención.

Por todo elo, vistos os informes dos Servizos desta Deputación, o Sr. Deputado Delegado que subscribe, formula a Xunta de Goberno, a seguinte proposta:

Que a tenor do anteriormente exposto, se modifique, mediante a addenda correspondente a cláusula oitava, no seu punto 2 do convenio de colaboración regulador da subvención excepcional outorgada pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación de Lugo, con data 27 de decembro do 2010, quedando recollida da seguinte maneira:

“2.- CERTIFICACIÓN DO SECRETARIO/A DO CONCELLO DE BURELA, DE DESTINAR O BEN OBXECTO DA SUBVENCIÓN Á FINALIDADE PARA A QUE SE CONCEDEU A SUBVENCIÓN DE FORMA CONTINUADA DURANTE UNPERÍODO DE CINCO ANOS A PARTIR DA RECEPCIÓN DA OBRA”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.



14.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONES DESTINADAS A INVERSIONES EN INSTALACIONES DEPORTIVAS REALIZADAS POR CONCELOS.

Vista a proposta do Sr. Deputado de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade, que di o seguinte:

“Vistos os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 27 de maio de 2011, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* número 24, do 31 de xaneiro de 2011, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións deportivas e para equipamentos deportivos realizados por concellos. E vista a renuncia presentada polos beneficiarios que se indican a continuación, propono á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

Concello	Actividade	Subvención
Concello de Monterroso	Equipamento instalacións da cúpula	1.100 €

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

15.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA RELATIVA Á APROBACIÓN DE ADDENDA AO CONVENIO ENTRE ESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Resultando que con fecha 14 de novembro de 2011 foi aprobada por resolución da Presidencia unha Addenda ao convenio entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Monforte de Lemos para a “rotulación do municipio, entidades de poboación e vías urbanas, que textualmente di:

“Visto o escrito presentado por D. Severino Rodríguez Díaz, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Lemos, o día 11 de novembro de 2011, solicitando o cambio da cláusula undécima, do convenio de colaboración a través do que se instrumentou a subvención excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Monforte de Lemos.

Visto o informe da Xefa de Servizo de Cultura e Deporte, de data 11 de novembro do 2011, no que se indica a existencia de xustificación suficiente para proceder á modificación da cláusula undécima do convenio regulador da subvención excepcional outorgada pola Deputación, mediante addenda.

Polo anteriormente exposto, e en uso das facultades que confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,
RESOLVE:

Aprobar a modificación, mediante addenda correspondente a cláusula undécima, do convenio regulador da subvención excepcional outorgada pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con data 28 de outubro do 2011, quedando recollida da seguinte maneira:

“O prazo para a presentación da documentación xustificativa, comezará unha vez asinado este convenio e finalizará o 30 de novembro do 2011”.



Do presente decreto darase conta á Xunta de Goberno para a súa ratificación, se procede”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda a ratificación da resolución anteriormente transcrita”.

16.- PROPOSTA DE ESTABLECEMENTO DA TARIFA DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO: “MÓNICA ALONSO (OBRAS 1993-2011)”.

Vista a proposta do Sr. Deputado Delegado de Cultura, Turismo, Ensino, Patrimonio Histórico Artístico, e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 28 de xuño de 1993 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Cultura e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado: “Mónica Alonso (Obras 1993-2011)”, o Deputado Delegado de Cultura, propón a Xunta de Goberno:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, na cantidade de vinte e dous euros (22 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a de vinte e un euros con quince céntimos (21,15 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30 por 100)”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

17.- PROPOSTA DE ESTABLECEMENTO DA TARIFA DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO: “BALDOMERO PESTANA”.

Vista a proposta do Sr. Deputado Delegado de Cultura, Turismo, Ensino, Patrimonio Histórico Artístico, e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 28 de xuño de 1993 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Cultura e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado: “Baldomero Pestana”, o Deputado Delegado de Cultura, propón a Xunta de Goberno:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, na cantidade de dezanove euros (19 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a de dezaioito euros con vinte e sete céntimos (18,27 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30 por 100)”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

18.- RECTIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA TITULARIDAD DOS BENS E DEREITOS E DEMÁS ALEGACIÓNS EFECTUADAS NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN PARA A PARCELA Nº 4 DO PLAN ESPECIAL DO CAMPUS UNIVERSITARIO DE LUGO E APROBACIÓN DA APLICACIÓN PRESUPOSTARIA.

Vista a proposta en relación co asunto figurado no epígrafe, que di o seguinte:

“Mediante acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial en sesión ordinaria celebrada o 29 de marzo de 2011 adoptou, entre outras, a proposta de aprobación inicial do expediente de expropiación por taxación conxunta para a parcela nº 4 do Plan Especial do



Campus de Lugo, que foi sometido a información pública e notificado individualmente aos titulares de bens e dereitos afectados.

Con data vinte e seis de xullo de dous mil once, o Pleno desta Excma. Corporación Provincial, en sesión ordinaria, aproba a proposta de aprobación definitiva e resolución de alegacións do mesmo expediente que foi notificada, igualmente aos interesados titulares de bens e dereitos afectados por este, e publicándose os propietarios descoñecidos, mediante edictos, entendéndose citados os que como herdeiros, habente-causas ou calquera outro título legal, puidesen ostentar dereitos sobre tales bens, conferíndolles un prazo de vinte días para alegacións.

De conformidade co exposto proponse á Xunta de Goberno Provincial a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. - Informar as alegacións formuladas no período de exposición pública, baseándose nos documentos presentados polos interesados, como a continuación se indica:

1. - Terreo nº 1. - Procede cambio de titularidade, antes a nome de Manuel Sande Méndez Valledor e agora a nome de Miguel Martín e Carlota María Sande Valledor. Non formulan oposición á valoración aprobada pola Deputación, polo que se entende determinado e aceptado o xustoprezo.

2. - Terreo nº 2. - Informar favorablemente a petición de cambio de titularidade, antes de Alfredo González López e agora a nome de María Arias López Edelmiro e Haydee González Arias.

Así mesmo procede desestimar a solicitude de maior superficie para a parcela, de acordo con informe de Vías e Obras Provinciais.

Presenta valoración contraditoria e solicitan que o expediente pase ao Xurado de Expropiación de Galicia.

3. - Terreo nº 3. - Procede cambio de titularidade do terreo a nai de Carmen Sande Lugilde, e agora a nome de José Manuel e Dores Fernández Sande.

Presentan valoración e solicitan que o expediente pase ao Xurado de Expropiación de Galicia.

4. - Terreo nº 4. - De acordo cos documentos presentados procede cambio de titular antes a nome de Herdeiros de Rosa Sande Lugilde a favor de Modesto Sande Lugilde, José Ramón e Isabel Teijeiro Sande, José Modesto Domingo e Pilar Silvarrey Sande, José Manuel e M^a Dolores Fernández Sande e Miguel Martín e Carlota María Sande Vilanova.

Acéptase novo domicilio para notificacións. (José Ramón Teijeiro Sande. C/ Bataneira, nº 4 27002 Lugo).

Presentan valoración e desacordo co prezo fixado por esta Administración.

Solicitan, non obstante abóneselle o límite de acordo.

5. - Terreo nº 5. - Se informa favorablemente o cambio de titularidade que antes estaba a nome de Isabel Sande Lugilde, a nome de José Ramón e Isabel Teijeiro Sande.

Presenta valoración e desacordo co prezo fixado por esta Admón. Solicitan abónese o límite de acordo.

6. - Terreo nº 6. - Procede cambio de titularidade do terreo a nome de M^a Rosa Iglesias Lugilde, a favor de José Luis Fernández Iglesias, José Luis Rodríguez Iglesias e Manuela Soilán Díaz.

Presentan valoración e desacordo co prezo.

7. - Terreo nº 8. - Manuela Soilán Díaz, solicita téñase en conta maior extensión do terreo expropiado. Non se acepta, de acordo cos datos que constan nos rexistros públicos.

Así mesmo presenta valoración, desacordo coa valoración ofertada e pide pase o expediente ao Xurado de Expropiación de Galicia.

8. - Terreo nº 9, 18 e 20 a nome de José Manuel Sande Soilán. Solicitan cambio de titularidade a nome de José Manuel Sande Soilán e Manuela Soilán Díaz, que se acepta.



Rexítase petición de maior superficie a expropiar para o terreo nº 9, por non constar así nos Rexistros Públicos.

Presentan valoración non aceptando o prezo desta Admón.

9. - Terreo nº 10. - A nome de Lucia e Piar Saavedra Rodríguez, non efectúan alegacións. Non efectúan oposición á valoración desta Admón. polo que se entende aceptada.

10. - Terreo nº 12. - A nome de Balbino Bellón Fernández agora en investigación, por non presentar documentos acreditativos da súa propiedade e por existir reclamacións doutros. Levantouse Acta de Comparecencia o 29 de Xuño de 2011

11. - Terreo nº 13. - A nome de Manuel Rodríguez Viador que non acepta o prezo, solicitando abóneselle o límite de acordo.

12. - Terreo nº 16. - A nome de Herdeiros de Luisa Viador Fariñas. Alegacións efectuadas sobre cambio de titularidade a nome de Carmen Rodríguez Viador, que se acepta.

Presenta valoración e solicita pase ao Xurado de Expropiación; así mesmo pide abóneselle o límite de acordo.

13. - Terreo nº 21. - A nome de Herdeiros de Isaura Dapena López. Acéptase alegación dos seus herdeiros sobre cambio de titularidade a nome de José Manuel, Isaac e Xullo Prado Dapena. Así mesmo, din estar en desacordo co prezo desta Admón. e pase o seu expediente ao Xurado de Expropiación.

14. - Terreo nº 23. - A nome de Herdeiros de José Castro Palmeiro. Procede cambio de titularidade a nome de José Antonio Castro Outeiro e outras (M^a del Carmen, Oliva e Ana Belén Castro Outeiro). Non efectúan oposición á valoración desta Admón., polo que se entende aceptado definitivamente o xustiprezo.

15. -Terreo nº 24. - a nome de Emilia Machado Antúnez, solicita cambio de dirección para notificacións (Sanfiz, 13, 27002. Lugo) e maior superficie a expropiar, que non se acepta por non constar así nos Rexistros Públicos. Di non estar de acordo coa valoración e pase ao Xurado de Expropiación o seu expediente.

16. - Terreo nº 25. A nome de Herdeiros Purificación Dapena Viador. Solicitan cambio de titularidade a nome de Ángela Ramos Dapena, María Ramos Dapena, Josefa Ramos Dá Pena, Purificación Ramos Dapena, Eugenio José Ramos Dapena e Manuela Ramos Dapena, Carlos e José Luis Ramos García e Francisco Javier Ramos Dapena. Presentan valoración e pase o seu expediente ao Xurado para a definitiva fixación do Prezo.

SEGUNDO.- O valor dos bens obxecto de expropiación, individualizado para os propietarios e herdeiros, en virtude das alegacións aceptadas no apartado primeiro deste acordo, son os seguintes:

Nº DE FINCA	IDENTIFICACION CATASTRAL	PROPIETARIO	IMPORTE €
1	8813702PH1681S	Miguel Martín Sande Valledor y Carlota María Sande Valledor	11.992,55
2	8813704PH1681S	María Arias López, Edelmiro González arias y Haydee González arias	11.153,88
3	8813705PH1681S	José Manuel Fernández Sande y Dolores Fernández Sande	13.277,02
4	8813706PH1681S	Modesto Sande Lugilde, José Ramón Teijeiro Sande e Isabel Teijeiro Sande, José Modesto Domingo Silvarrey Sande y Pilar Silvarrey Sande, José Manuel Fernández Sande y M ^a . Dolores Fernández Sande y Miguel Martín Sande Vilanova. y Carlota M ^a . Sande Vilanova.	17.336,80
5	8813707PH1681S	José Ramón Teijeiro Sande e Isabel Teijeiro Sande	18.752,63
6	8813708PH1681S	M ^a . Rosa Iglesias Lugilde, José Luis Rodríguez Iglesias y Manuela Soilán Díaz	96.590,76
7	8813709PH1681S	Roberto López García	21.078,94
8	8813710PH1681S	Manuela Soilán Díaz	10.313,50
9	8813712PH1681S	José Manuel Sande Soilán y Manuela Soilán Díaz	52.548,17
10	8813713PH1681S	M ^a . Lucía Saavedra Rodríguez y M ^a . Pilar Saavedra Rodríguez	12.093,99



Nº DE FINCA	IDENTIFICACION CATASTRAL	PROPIETARIO	IMPORTE €
11	8813714PH1681S	María Luisa Santamarina Rodríguez	15.180,82
12	8813715PH1681S	En investigación	18.192,73
13	8813716PH1681S	Manuel Rodríguez Viador	54.279,62
14	8813717PH1681S	Méndez Pérez Juana	5.347,71
15	8813718PH1681S	Méndez Pérez Juana	1.956,13
16	8813719PH1681S	Carmen Rodríguez Viador	19.668,80
17	8813721PH1681S	Herdeiros de Aladino Rodríguez Fernández	7.203,11
18	8813739PH1681S	José Manuel Sande Soilán y Manuela Soilán Díaz	39.964,13
19	8813740PH1681S	María Luisa Santamarina Rodríguez	90.155,39
20	8813741PH1681S	José Manuel Sande Soilán y Manuela Soilán Díaz	61.734,33
21	8813722PH1681S	José Manuel Prado Dapena, Isaac Prado Dapena y Julio Prado Dapena	36.156,33
22	8813723ph1681s	Alberto Freijo Méndez	109.909,99
23	8813724PH1681S	José Antonio Castro Otero, María del Carmen Castro Otero, Oliva Castro Otero y Ana Belén Castro Otero	64.801,61
24	8813725PH1681S	Emilia Machado Antúnez	66.553,07
25	8813726PH1681S	Angela Ramos Dapena, María Ramos Dapena, Josefa Ramos Dapena, Purificación Ramos Dapena, Eugenio José Ramos Dapena y Manuela Ramos Dapena, Carlos Ramos García y José Luis Ramos García y Francisco Javier Ramos Dapena	27.811,94
26	8813727PH1681S	Purificación Viador López	4.193,01
	TOTAL		888.246,96

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Provincial a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as rectificacións de titularidade e demais alegacións documentadas e formuladas polos propietarios comparecentes no expediente, aceptadas por esta Administración.

2º.- Aprobar a autorización e disposición do gasto do prezo xusto do expediente de expropiación por Taxación conxunta para a parcela nº 4 do Plan Especial do Campus Universitario de Lugo.

3º.- Aprobar o recoñecemento e liquidación das obrigas correspondentes aos gastos autorizados e comprometidos no apartado anterior, aplicados aos bens e propietarios recoñecidos neste acordo.

4º.- Acordar o pagamento do prezo xusto dos bens e dereitos afectados aos propietarios que o aceptaron, non formularon oposición á valoración aprobada pola Admón. Provincial, entendéndose determinado o xustoprezo definitivamente e de conformidade.

Aqueles que manifestaron a súa disconformidade coa valoración aprobada, darase traslado do expediente ao Xurado de Expropiación de Galicia, para os efectos de fixar o prezo xusto, sen prexuízo do aboamento do límite de acordo, se é o caso, de acordo co art. 50.1 e 2 da Lei de Expropiación Forzosa.

5º.- Para os efectos previstos nos apartados 6,7 e 8 do art. 52 da Lei de Expropiación Forzosa, en relación co art. 144 da lei 2/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, aboado ou consignado o xustoprezo procederase ao levantamento de Acta de Ocupación dos terreos afectados polo expediente.

6º.- Notificar este acordo os propietarios titulares dos bens afectados”.



A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Pola Presidencia dase conta da sentenza nº 781/2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada en procedemento ordinario 7157/2003, interposto por D^a. M^a Jesús Vázquez Núñez, contra acordo do Xurado Provincial de Expropiación de Lugo, resolutorio do xustropezo da finca núm. 243 P4 expropiada por esta Deputación Provincial para a recuperación e conservación das Insuas do Miño e Lagoas de Begonte, T.M. Rábade; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debemos estimar y estimamos en parte el presente recurso contencioso administrativo número 7157/2003 interpuesto por M^a Jesús Vázquez Núñez contra el acuerdo del JPE de Lugo de fecha 18 de diciembre de dos mil dos y que se corresponde con el expediente de justiprecio nº 936/2002, instado a raíz de la expropiación efectuada por la Diputación Provincial de Lugo, para las obras: Recuperación y conservación de hábitats en las “Insuas do Miño” y “Lagoas de Begonte”, T.M. de Rábade; en consecuencia se anula y se fija como justiprecio del puente de 26,7 m x 4m el importe de 74.351,00 euros y como justiprecio del camino de acceso el de 1,60 euros ml a multiplicar por los ml realmente afectados, cantidades en ambos conceptos a las que debe adicionarse en concepto de justiprecio el 5%; como indemnización por lucro cesante la cantidad de 85.000 euros; como indemnización en concepto de perjuicios por pérdida de mano de obra, 12.000 euros y como indemnización por demérito del resto de la finca no expropiada, 50.000 euros; el resto en lo que se aparte del particular precedente se desestima”*. A Xunta de Goberno quedou enterada, acordándose por unanimidade o cumprimento da citada sentenza, e polo tanto o aboamento, segundo informes emitidos pola Intervención, polo Servizo de Expropiacións e polo Servizo de Asesoría Xurídica, da cantidade de 207.253,35 € á parte recorrente.

Así mesmo dase conta da sentenza nº 163 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, de data 25 de maio de 2011, recaída no procedemento abreviado nº 220/2011, estimatoria do recurso interposto por Acciona Eólica de Galicia, S.A., contra a resolución da Presidencia desta Deputación Provincial de data 12-06-2009, desestimatoria de recurso de reposición deducido contra a liquidación do Imposto sobre Bens Inmóveis de características especiais correspondente ao parque eólico sito no concello de Valadouro; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por Acciona Eólica de Galicia, S.A., contra la resolución del Sr. Presidente de la Diputación Provincial de Lugo de fecha 12-06-2009 desestimatoria del recurso de reposición deducido contra la liquidación del impuesto sobre bienes inmuebles de características especiales correspondientes al parque eólico de referencia catastral 006300500PE05E001KG y a los ejercicios de 2005 y 2006 en las cuantías respectivas de 2485,25 euros y 5492,40 euros, que anulo por no ser conformes a derecho”*. A Xunta de Goberno quedou enterada, acordándose por unanimidade o cumprimento da citada sentenza.

Dase conta da sentenza nº 554/2011 do Xulgado do Social nº 2 de Lugo, de data 28 de setembro de 2011, recaída nos autos do xuízo verbal nº 150/2011, desestimatoria de recurso interposto por D^a. M^a Josefa Niño Neira polo que se reclaman salarios de recoñecemento de categoría de Mestra de Taller ou subsidiariamente Terapeuta Ocupacional; e en cuxo fallo di o seguinte: *“Que desestimando la demanda formulada por D^a. María José Niño Neira contra la Diputación Provincial y Sergas, absuelvo a los demandados de las pretensiones contra ellos formuladas”*. A Xunta de Goberno quedou enterada.



ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptáronse os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Proposta de acordo do Goberno da Deputación de Lugo en relación á prevención e loita contra a violencia de xénero.

Vista a proposta do Goberno, que di o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“O día 25 de novembro celébrase o día internacional contra a violencia de xénero, e, aínda que tódolos días do ano temos que loitar contra esta lacra existente na nosa sociedade, desde a Deputación Provincial non podemos deixar de mencionar este día, e manifestar a preocupación e o compromiso desta administración para a erradicación da violencia de xénero, que constitúe a manifestación máis clara e brutal da desigualdade aínda existente entre mulleres e homes. As cifras que tódolos anos coñecemos de violencia de xénero evidencian que este sigue sendo un problema de primeira orde que debemos resolver e na que todos e todas debemos participar, desde a cidadanía ata todas e cada unha das Administracións Públicas, se de verdade queremos conseguir unha sociedade xusta, igualitaria e avanzada.

Sabemos que nos últimos anos se deron pasos importantes no eido legal; o Parlamento de Galiza no ano 2007 aprobou unha lei específica que trata integralmente todo o referente á violencia de xénero. Por vez primeira, recoñécense dereitos económicos e sociais para as mulleres que se atopen unha situación de violencia machista e impón unha serie de obrigas para as administracións públicas de carácter tanto preventivo, como formativo e de asistencia ás vítimas. Outro cambio relevante que introduce esta norma é a

apertura dos recursos sociais a todas as mulleres con independencia de que contén cunha orde de protección ou non. Unha medida necesaria que pretende incrementar os resortes institucionais de apoio as mulleres. A aprobación desta lei supuxo ademais o compromiso firme de incremento dos recursos destinados na Galiza a loita contra a violencia de xénero, compromiso que debe manterse aínda en tempos de crise económica.

Non obstante a día de hoxe, a Xunta de Galiza, non puxo en funcionamento os instrumentos legislativos previstos para a protección das vítimas de violencia de xénero.

Entre as previsións pendentes de desenvolvemento na Lei sigue estando a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un órgano institucional da Xunta de Galiza que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero. Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficacia das políticas e recursos que se dedican a esta finalidade. Xa no informe elaborado a finais de 2008 pola Secretaría Xeral de Igualdade sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, se puña de manifesto a existencia dun borrador de decreto no que se estaba traballando a fin de poder cumprir con este mandato legal de poñer en funcionamento o Observatorio.

A erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade de calquera goberno, que ten que materializarse na mobilización de recursos, para o que se deberán dotar partidas orzamentarias destinadas a sufragar o mantemento das medidas de prevención da violencia de xénero e no cumprimento das disposicións legais vixentes nesta materia.

Por todo isto, propoñemos a Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:



1º.- Instar á Xunta de Galiza a que impulse a posta en funcionamento das obrigas impostas pola Lei 11/2007 que están pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a que faga unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, que se realice a formación das e dos profesionais implicados na atención e tratamento das vítimas, e que garanta o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público cuestión tamén recollida na lei.

3º.- Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

SEGUNDO.- Proposta en relación co Plan Extraordinario de Obra Pública. Concello de Viveiro. Convenios 2010.

Vista a proposta da Presidencia, que di o seguinte:

“Resultando que por acordo do Pleno de data 27 de abril de 2010, aprobouse o Plan Extraordinario de Obra Pública no que se incluíu unha actuación destinada á formalización de convenios con diversos concellos por un importe de 9.650.000 €.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de data 10 de decembro de 2010, aprobouse a listaxe de municipios cos que terían que suscribir os convenios polos importes que se indican para cada concello. No citado acordo sinalábase que as actuacións concretas

a realizar en cada un dos municipios determinaríanse pola Xunta de Goberno “tomando como base a proposta realizada por cada un dos seus Alcaldes”.

Resultando que con data 17 de decembro de 2010 asináronse os correspondentes convenios con concellos afectados polo Plan, no que se concretaron as actuacións e súas contías.

Resultando que unha vez contratadas as obras pertencentes ao concello de Viveiro producíronse remantes e polo Sr. Alcalde do Concello solícítase a súa aplicación.

Resultando que polo Servizo de Intervención maniféstase a súa conformidade coa existencia de ditos remanentes.

Tendo en conta o anterior, esta Presidencia propón a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Determinar que con cargo aos remanentes obtidos na contratación das actuacións incluídas no Plan Extraordinario de Obras Pública, Convenios 2010, pertencente ao concello de Viveiro se incluía a seguinte:

Adecantamento e mellora das aceras do entorno do Convenio de San Francisco. Valor estimado: 9.344,50 € (IVE incluído)”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

TERCEIRO.- Proposta de corrección de erro material da proposta aprobada na sesión ordinaria da Xunta de Goberno de 11 de novembro de



2011, relativa a aprobación de conta xustificativa da obra de “Afirmado do camiño de Suar a Celman (Concello de Paradela)”, dentro do Plan de Cooperación con Entidades Asociativas, Agrupacións e Asociacións e Veciños para a realización de obras e establecemento, dotación, ampliación e mellora de servizos de interese veciñal (anualidade 2011).

Vista a proposta do Deputado Delegado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, que di o seguinte:

“Tendo en conta que con data 11 do presente mes de novembro, pola Xunta de Goberno, entre outras, prestouse aprobación a conta xustificativa da obra de “afirmado do camiño de Suar a Celmán (Concello de Paradela)”, por importe da conta de 10000,00 euros e subvención de 6900,00 euros.

Tendo en conta que existe erro material na proposta da unidade de Plans Especiais, aprobada pola Xunta de 11 de novembro de 2011, polo que respecta ao importe da subvención a librar a favor do beneficiario da subvención, dado que o importe da mesma deberá ascender a cantidade de 6000,00 euros, o deputado Delegado que de Cooperación e Asistencia aos Concellos que subscribe, propónse que, pola Xunta de Goberno, adóptese o seguinte acordo:

Rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno, con data 11 do presente mes de novembro, polo que respecta ao importe da subvención a librar a favor do beneficiario que ascenderá a cantidade de 6000,00 euros pola execución das obras de “afirmado do camiño de Suar a Celmán (Concello de Paradela)”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.